



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Modificado e aprobado unha vez informado e avaliado no claustro o 20 de novembro e no Consello Escolar o 24 de novembro de 2023

CPI PLURILINGÜE DE NAVIA DE SUARNA

Navia de Suarna

Lugo

“Pretender unha educación igual, ao mesmo ritmo, para todo o alumnado é como pretender calzar a todos os nenos da mesma idade con zapataos do mesmo número” (Javier Tourón, metáfora de Camila Persson Benhow) Tirado do blog Orientación Condesa

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Marco teórico

A atención á diversidade é un dos grandes retos que ten formulado o sistema educativo e máis en concreto os centros escolares. Esixirá o axuste da intervención educativa ás necesidades e características de todo o alumnado co obxectivo de asegurar unha educación inclusiva, equitativa e de calidade que garanta o acceso de todo o alumnado a unhas aprendizaxes comúns que son fundamentais para o seu desenvolvemento e socialización e que compensen, no posible, as desigualdades sociais de partida.

A xeneralización e extensión da obrigatoriedade da educación implica obxectivos básicos comúns para todos o alumnado e, ao mesmo tempo, a atención á crecente pluralidade de necesidades, capacidades e intereses que cada un presenta ao longo do seu proceso educativo. Para responder a este reto o actual sistema educativo no ensino básico dotouse dun claro carácter comprensivo, feito que, implica a existencia dun tronco de contidos comúns dirixido ao desenvolvemento do alumno en todas as súas dimensións, de acordo coas súas posibilidades, e intereses.

No actual marco educativo, a práctica docente ten responder ao modelo de deseño universal para a aprendizaxe (DUA) que ten como finalidade lograr a inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade.

A diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, concrétase nun continuo de necesidades educativas, que son ordinarias cando poden ser satisfeitas sen afectar a aspectos prescritivos do currículo (a través de cambios na metodoloxía, materiais, organización da aula, actividades, ritmo de ensino, etc) ; e son especiais, cando o alumno precisa dunha axuda que transcenda dos procedementos ordinarios que o profesorado pode empregar, co gallo de que acade os obxectivos educativos previstos.

Os presupostos xerais dos que imos partir para á atención á diversidade no centro son os seguintes:

- O DUA é un enfoque proporciona diversas opcións didácticas para que o alumnado constrúa a súa propia aprendizaxe, ofréndolles andamios para superar as posibles barreiras que podan xurdir neste proceso . "Fomenta os procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe" (Figuerola, Ospina e Tuberquia, 2019)
- Desde a Educación Inclusiva é necesario entender a diversidade do alumnado como unha fonte de aprendizaxe e enriquecemento mutuo que busca desenvolver as capacidades de cada persoa para levar a cabo un proxecto vital satisfactorio no ámbito persoal e social. Incrementar a inclusión e cohesión asegura un ambiente escolar seguro, cálido e construtivo. A inclusión é un proxecto escolar, social, comunitario e mundial. Falar de educación inclusiva implica conxugar aspectos cognitivos, emocionais, sociais e éticos.
- A diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. Polo tanto o concepto de diversidade fai referencia a todo o alumnado do centro, xa que todos os alumnos e alumnas presentan diferenzas nas súas aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprender, experiencias e coñecementos previos, forma de atender e procesar a información, de manifestar os seus sentimentos, medios económicos, sociais e culturais dos que proveñen, etc
- A consideración da diversidade como un valor significa non só valorar as diferenzas, senón tamén aproveitar todas as potencialidades de cada persoa para que todas e cada unha se sintan plenamente incluídas e conten cos espazos de participación e desenvolvemento aos que a súa condición humana lles dá dereito.
- Por atención á diversidade no centro entendemos ao conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e

intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

- O obxectivo da atención á diversidade é a de garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.
- Un centro educativo inclusivo e de calidade implica garantir a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos se adapten ao que cada alumna e cada alumno necesiten.
- Aceptar a idea de que todo o alumnado pode acceder ao currículo mediante diferentes formas, e tamén con ritmos e resultados diferentes. Para isto é preciso entender o currículo nun sentido amplo, véndoo como todo o que un centro docente pon ao dispor do alumnado para que aprenda; non só limitalo aos obxectivos, ás competencias, aos contidos, aos métodos pedagóxicos, aos criterios de avaliación e, de ser o caso, aos resultados de aprendizaxe, sendo iso necesario. Como consecuencia entemos o currículo de forma flexible, sobre todo no ámbito da metodoloxía, para poder proporcionar a todas e a todos espazos de participación, espazos de colaboración.
- A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, xa que cada persoa ten un modo especial de pensar, de sentir e de actuar, independentemente de que, desde o punto de vista evolutivo, existan uns patróns cognitivos, afectivos e condutuais con certas semellanzas. Dita variabilidade, ligada a diferenzas nas capacidades, necesidades, intereses, ritmo de maduración, condicións socioculturais, etc., abarca un amplo espectro de situacións, en cuxos extremos aparecen os suxeitos que máis se afastan do habitual. Fronte a unha visión que asocia o concepto de diversidade exclusivamente aos colectivos que teñen unhas peculiaridades tales que requiren un diagnóstico e unha atención por parte de profesionais especializados, consideramos que nos grupos educativos existe unha variabilidade natural, á que se debe ofrecer unha atención educativa de calidade ao longo de toda a escolaridade.
- A diversidade é un concepto amplo no que se inclúen unha gran variedade de posibilidades: diversos estilos de aprendizaxe, diferenzas intelectuais, persoas con dificultades de aprendizaxe, as que viven en ambientes desfavorecidos, minorías

étnicas e culturais, grupos de risco, etc. Así pois, falamos de diversidade para referirnos ás diferentes capacidades e coñecementos previos, motivacións e intereses, e de ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado nas situacións de ensino-aprendizaxe. Partimos da consideración de que os tres tipos de diferenzas (de capacidades, de motivación e intereses e de estilos e ritmos de aprendizaxe) están interrelacionados de tal xeito que nas situacións de aprendizaxe interveñen todos eles ao mesmo tempo. Así mesmo dentro das diferenzas individuais, todo o alumnado pode atoparse nalgún momento con máis dificultades que o resto con algúns contidos ou, presentar un ritmo de aprendizaxe máis lento, polo que vai precisar máis axuda ou unha axuda diferente dentro do contexto ordinario da aula.

Unha vez analizado o anterior estamos en disposición de responder a estas dúas preguntas:

- **Que é a atención á diversidade?**

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

- **Que é o Plan de Atención á diversidade?**

Entendemos o Plan de Atención á Diversidade (PAD) coma o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro diseña e pon en práctica para proporcionarlle a todo o alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades educativas. Con esta adecuación, trátase de intentar conseguir que cada quen alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e adquira as Competencias Básicas e os obxectivos establecidos para as etapas educativas que se imparten no noso centro. **Este plan xeral terá que ser concretado dentro da Programación Xeral Anual a través dun Plan anual de Atención á diversidade.**

1.2. Principios de actuación xerais de atención á diversidade

De acordo co establecido no artigo 4 da Orde do 8 de setembro de 2021 os principios

xerais da atención á diversidade do centro son os que seguen.

1. Por parte dos equipos directivos dos centros docentes:

a) A consideración da atención á diversidade en toda a estrutura organizativa e curricular do centro, e en todos os seus proxectos institucionais, garantindo a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa desa diversidade.

b) A distribución e a organización equitativa dos recursos, adaptando a estrutura organizativa do centro docente aos principios de flexibilidade e de atención ás necesidades individuais do alumnado.

c) A información precisa a toda a comunidade educativa, dos proxectos, os plans, os programas, as medidas, os recursos e os servizos con que conte o centro docente.

d) A promoción da convivencia, a coordinación, a participación e o traballo en equipo, así como da formación e a innovación do profesorado en estratexias de atención á diversidade e na mellora continua da calidade educativa, do éxito escolar do alumnado e do seu desenvolvemento profesional.

e) A realización do seguimento e da avaliación dos proxectos, plans e programas, así como, de ser o caso, das propostas de mellora que corresponda.

2. Por parte do profesorado titor:

a) A organización da avaliación inicial do alumnado e a participación nas propostas que realice a xefatura do departamento de orientación en relación ás medidas e aos recursos necesarios para atender á diversidade do alumnado da súa titoría.

b) A coordinación dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado da súa titoría e a promoción da súa participación nas actividades da aula e do centro docente.

c) O intercambio, tanto co resto do equipo docente como coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, de toda a información que afecte os procesos de ensino e de aprendizaxe.

d) A solicitude da intervención da xefatura do departamento de orientación, no caso de alumnado no que se detecten dificultades de aprendizaxe ou situacións que requiran unha valoración especializada, colaborando no proceso de avaliación psicopedagóxica e na

aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que se requiran.

3. Por parte do profesorado de área:

a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

4. Por parte dos servizos de orientación educativa e profesional:

a) O asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular

b) A atención das demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.

c) A información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións, así como das accións que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico.

d) A promoción da participación das familias no proceso da avaliación psicopedagóxica.

e) A coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.

1.3 Marco lexislativo

Este Plan de Atención á Diversidade está elaborado partindo da seguinte lexislación de aplicación en Galicia.

- DECRETO 229/2011 Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011
- DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- ORDE do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitaria
- REAL DECRETO 943/2003, de 18 de julio, por el que se regulan las condiciones para flexibilizar la duración de los diversos niveles y etapas del sistema educativo para los alumnos superdotados intelectualmente.
- DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

2.1. Características do centro

O CPI Plurilingüe de Navia de Suarna foi creado como Colexio Público de EXB no ano 1977, sendo transformado posteriormente en Centro Público Integrado co obxecto de impartir a ESO. A oferta educativa é de 2 unidades de Educación Primaria e 4 unidades da ESO.

Na actualidade a matrícula no centro é de 33 alumnos, a maior parte procedente do concello de Navia de Suarna. Tamén hai alumnado que vén dos concellos limítrofes de Cervantes e San Antolín de Ibias en Asturias. A maioría vive en aldeas de menos de 50 habitantes, e só unha pequena porcentaxe vive na vila. Isto fai que a meirande parte dos alumnos utilice os servizos de transporte escolar e o de comedor.

Caracterízase pola ausencia de conflitos importantes, exceptuando algúns casos puntuais.

O centro localízase na capital do concello de Navia de Suarna. Trátase dun concello moi accidentado situado na área montañosa da Galicia oriental, concretamente na zona setentrional da Serra dos Ancares. Ten unha superficie de 242,6 km² nos que se distribúe a súa escasa poboación de forma moi espallada en 20 parroquias e 103 lugares, feito que provoca unha baixa densidade de poboación (5,6 hab/km²).

Demograficamente, o concello de Navia, ao igual que moitos outros concellos da Galicia interior, vén perdendo de forma moi significativa poboación. Na actualidade o seu censo segundo o IGE (revisión do padrón municipal de 2017) é de 1.140 habitantes, poboación en gran medida envellecida cunha media de idade de 59,21 anos.

En canto á estrutura familiar observamos un predominio das familias extensas nas que conviven os avós, pais e fillos na mesma unidade familiar.

Os alicerces económicos do concello susténtanse no sector primario, fundamentalmente na agricultura e a gandería, tendo tamén certa relevancia o sector da construción e o sector servizos.

A oferta cultural e de lecer existente no concello é claramente deficitaria, aínda que hai unha biblioteca municipal o seu horario de apertura é moi reducido e a súa programación de actos culturais, esporádica.

Polo que respecta ás novas tecnoloxías o seu nivel de implantación aínda que mellorou siguen existindo zonas con cobertura moi deficitaria que dificultan a conexión a internet.

2.2. Recursos

O equipo docente actual intégrano 16 profesores/as (1 de Educación Infantil, 4 de EP e 12 de ESO). Existe orientador e PT e este curso AL. Un aspecto negativo é o feito de que non existe na práctica profesorado definitivo (apenas 5 ou 6 profesores) aspecto que dificulta levar a cabo accións educativas de atención á diversidade ou doutra índole a longo prazo.

Tamén é moi importante ter en conta que na educación infantil e primaria, que é onde se deben atallar as dificultades, hai un déficit evidente de profesorado que fai que estean agrupados en 3 aulas alumnado de moi diferentes idades e, grazas ao compromiso do profesorado pois por catálogo só temos autorizadas 2 unidades de educación primaria e 0 de infantil (aínda que hai 13 alumnos e alumnas).

A dotación de material para a atención á diversidade podemos considerala óptima.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

3.1 Identificación e valoración das necesidades ao inicio do curso

Tendo en conta o pouco alumnado do centro e as características dos recursos persoais dos que dispoñemos, a detección e valoración de necesidades efectuarémola a través da información proporcionada polos docentes, polas familias e aquela recollida polo DO.

O procedemento específico para a identificación e valoración das necesidades serán as avaliacións ordinarias e sobre todo a avaliación inicial de principio de curso onde de acordo coas memorias do curso anterior e previsións de alumnado e medidas de atención

á diversidade, servirán para concretar o Plan anual de atención á diversidade e organizar as medidas e apoios nel contemplados.

Ao comezo de cada curso escolar, será necesaria unha valoración das necesidades que presenta o noso centro e alumnado. Esta valoración será realizada tendo en conta os seguintes indicadores:

- Informes de fin de ciclo/etapa do curso anterior.
- Actas de avaliación do curso anterior e acordos reseñados nas mesmas.
- Informes e avaliacións psicopedagóxicos.
- Valoración das medidas de reforzo educativo e de adaptación curricular e previsión da súa continuidade ou renovación.
- Sesión de Avaliación inicial. Na última semana de setembro para EI e EP e a primeira de outubro para a ESO celebrarase unha reunión de avaliación inicial individualizada para compartir información sobre as características e necesidades do alumnado. A avaliación inicial debe permitir:
 - Analizar as necesidades educativas do grupo e de cada escolar e dalas a coñecer ao novo profesorado.
 - Establecer as prioridades de traballo de acordo cos recursos e o alumnado con necesidade
 - Servir de información para adaptar as programacións didácticas as características de todo o alumnado.
- Avaliación Psicopedagóxica no caso de seren detectadas posibles necesidades específicas de apoio educativo, procederase á avaliación psicopedagóxica destas.

Todas estas necesidades deberán ser plasmadas na concreción anual deste Plan, a cargo da xefatura do Departamento de Orientación, na que aparecerá a previsión do alumnado que debe ser atendido con medidas de atención á diversidade, especialmente as que impliquen variacións na organización ordinaria do centro

3.2. Identificación e valoración das necesidades durante o curso

Cando un alumno ou alumna comece a manifestar dificultades na súa aprendizaxe, o profesor/a titor/a tomará as medidas ordinarias de atención individual (observando as condutas na aula e rexistrándoas, aplicando probas ordinarias para coñecer o seu nivel de competencia curricular, introducindo apoio e reforzo educativos para atender as mesmas...).

As avaliacións ordinarias e as reunións de coordinación docente (orientación, didácticas, de nivel, ...) serán os mecanismos prioritarios para facer un seguimento do alumnado e para a identificación de novos casos.

3.3. Avaliación psicopedagóxica

No caso de que sexa valorada a necesidade de efectuar unha avaliación psicopedagóxica procederase conforme ao disposto nos artigos 13 a 19 da Orde do 8 de setembro de 2021. E que de forma resumida é o seguinte:

- O profesorado titor realizará unha demanda de intervención por escrito que se concretará no modelo a tal efecto recollido neste plan.
- O titor/a informará á familia sobre a necesidade de avaliación do seu fillo/a. Previamente a calquera actuación, a familia asinará a súa conformidade ou disconformidade coa solicitude de avaliación.
- O equipo docente das diferentes materias en colaboración co departamento de orientación e coordinado polo profesorado titor e a xefatura de estudos, avaliará a competencia curricular, estilo de aprendizaxe e necesidades de aprendizaxe nas diversas áreas nas que presente dificultades, sobre todo no referido ás instrumentais.
- A continuación, o orientador realizará a avaliación psicopedagóxica e redactará o informe psicopedagógico no que se revisarán as medidas levadas a cabo e propondrá medidas e orientacións curriculares encamiñadas a solucionar as necesidades identificadas, sempre comezando polas medidas ordinarias e só cando estas non sexan suficientes adoptando outras de carácter extraordinario.

- Comunicarlle ás familias as conclusións da avaliación psicopedagóxica e as orientacións para levar a cabo no ámbito familiar e informarse de que previa solicitude poderán ter unha copia do informe.
- As conclusións do informe de carácter pedagóxico para orientar os procesos de ensino aprendizaxe daranse a coñecer ao profesorado titor e ao equipo docente que deberán utilizar de acordo á protección de datos só con fins educativos.
- O informe quedará custodiado, dado o seu carácter confidencial, no departamento de orientación.

3.3 Tipos de necesidades de apoio educativo

De acordo ao establecido na lexislación vixente entendemos por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren **necesidades educativas especiais**, por **retraso madurativo**, por **trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación**, por **trastornos de atención** ou **trastornos da aprendizaxe**, por **descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe**, por atopárense en **situación de vulnerabilidade socioeducativa**, polas súas **altas capacidades** intelectuais, por térense **incorporado tarde ao sistema educativo** ou por **condicións persoais ou de historia escolar**.

- **Alumnado con necesidades educativas especiais**, sería aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
- **Alumnado con trastornos ou dificultades específicas de aprendizaxe**. Considérase que un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das

capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe. Dentro deste grupo están todas as dificultades derivadas de ritmos lentos, dificultades importantes de aprendizaxe das técnicas instrumentais, falta de estimulación, falta de hábitos, dificultades da linguaxe...

Dentro destas podemos incluír entre outras:

- TDAH
 - Trastornos da lecto-escritura, dislexia
 - Retraso Madurativo
-
- **Alumnado altas capacidades intelectuais.** caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia, e, considerando as súas posibles manifestacións, diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación. De acordo á Orde do 8 de setembro de 2021 considérase considérase alumnado con alta capacidade intelectual o que presenta unha **capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual**, un **alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese**.
 - **Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural.** Por alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural enténdese aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.
 - **Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo,** Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificable, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

No noso centro as necesidades presentes máis habituais nos últimos cursos serían as relacionadas coas dificultades específicas de aprendizaxe e as relacionadas con alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa. Tamén existe algún caso de alumnado considerado con necesidades educativas especiais.

4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

- 1) Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- 2) Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- 3) Garantir a actuación coordinada do equipo docente para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- 4) Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- 5) Establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- 6) Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- 7) Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.

5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade son todas aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas

do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e son as que están recollidas no presente Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

5.1 Medidas ordinarias de atención á diversidade do centro

As medidas ordinarias de atención á diversidade son todas aquelas que permitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

1. *Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.*

- Promocionar dentro dos obxectivos, programas e actuacións que guían o Proxecto Educativo do centro os aspectos relativos á igualdade, á coeducación, a inclusión e a equidade establecendo unha dinámica de centro que permita a participación de toda a comunidade educativa, así como o acceso e optimización dos recursos para favorecer a interacción, a convivencia e as oportunidades de aprendizaxe compartida.
- A este respecto o feito de ter moi pouco alumnado e termos que agrupar alumnado de diferentes idades en Aulas Mixtas consideramos que é unha oportunidade para artellar experiencias de aprendizaxe compartida, onde é o propio alumnado o que aprende de é con titorizando a outros.

2. *Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno*

- En relación cos obxectivos xerais de etapa e de área é importante que as programacións incorporen de forma equilibrada as diferentes capacidades e competencias como mellor forma de garantir o desenvolvemento harmónico de todas as competencias do alumnado. Establecendo obxectivos de forma moi ampla, que permita ao profesorado desenvolvelos en graos diferentes e en

situacións diversas segundo as necesidades dos alumnos/as.

- Respecto aos contidos, o profesorado debe distinguir os substanciais, que deben ser adquiridos por todos, dos complementarios, que só acadarán algúns alumnos/as en función das súas capacidades. Considéranse substanciais os contidos que con maior medida contribúen á adquisición dos obxectivos e competencias clave.
3. ***Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.***

En canto á metodoloxía, débense utilizar métodos didácticos que aseguren a interacción dos alumnos, deseñando actividades diversas e variadas. Tamén é importante que os agrupamentos do alumnado sexan variados en relación co tipo de aprendizaxes que se van a tratar.

Os materiais curriculares terán que ser plurais e diversificados, sen limitarse aos libros de texto ou aos recursos EVA-Edixgal e abrindo o abano a todo tipo de materiais e experiencias de aprendizaxe.

A modo de conclusión, o profesorado temos que acomodar o proceso de ensino - aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno ou alumna. Así haberá alumnado que requirirán explicacións ou exercicios específicos; outros/as aos que haberá que lle dar certas responsabilidades; outros/as que necesitarán estar tutorizados dentro da aula por un compañeiro, do que recibirán as axudas que precisan; outros/as aos que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito, etc. Trátase de ensinar a cada alumno ou alumna partindo dos seus coñecementos previos, das súas capacidades e respectando o seu ritmo de traballo.

En definitiva tal é como se recolle na Orde do 8 de setembro do 2021, o profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno deben facer da súa propia aprendizaxe.

4. Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación

No referente con carácter xeral debe permitir ao profesorado recoller información valiosa para ofrecer respostas educativas pertinentes e orientar a actividade do alumnado. Así os criterios de avaliación e os obxectivos didácticos dunha determinada unidade didáctica referiranse ás aprendizaxes e competencias clave que todos os alumnos e alumnas deben de asumir. Os criterios de promoción referiranse ás capacidades xerais que se sinalan nos obxectivos de ciclo ou etapa, analizando se o nivel de logro acadado é suficiente para seguir progresando nas ofertas educativas posteriores.

Adaptación da avaliación:

- O profesorado poderá adaptar os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da área, da materia, que imparta ás circunstancias do seu alumnado. Estas adaptacións serán especialmente necesarias e pertinentes no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario.
- Igualmente, o profesorado informará cada alumna e alumno sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparando o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.
- Na avaliación do alumnado observaremos as recomendacións publicadas nas guías e nos protocolos elaborados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade: TDAH, TEA, Dislexia e Dificultades Específicas de Aprendizaxe, Altas Capacidades, ... (recollidos na bibliografía no presente plan).

5. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que consiste en realizar modificacións e adaptacións na secuenciación dos contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.
- As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área ou materia en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.
- O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo.
- O profesorado con dispoñibilidade horaria, de acordo coas directrices da Xefatura de Estudos, tamén pode colaborar co profesor de área no reforzo e apoio do alumnado.
- As medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo que será arquivado no cartafol do seu expediente académico, segundo o modelo Anexo que figura no presente PAD.

6. *Programas de enriquecemento curricular*

- Os programas de enriquecemento curricular son programas dirixidos ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifeste o devandito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.
- As persoas especialistas en altas capacidades intelectuais dos equipos de orientación específicos darán a coñecer aos departamentos de orientación pautas sobre programas de enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Será responsabilidade do equipo docente dese alumnado quen os desenvolva, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

- Os programas de enriquecemento curricular deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso no que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais.
- A participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

7. Plan específico de reforzo para o alumnado de EP que permaneza un ano máis no mesmo curso

- Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.
- O plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
- Este plan de reforzo incluírá os aspectos recollidos no **Anexo**
- En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.
- Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

8. Plan de reforzo para o alumnado da ESO que pase de curso con materias sen superar.

- O alumnado da ESO que promocióne de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
- O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias e será personalizado e adaptado ás necesidades e características de cada alumna ou alumno destinatarios.
- Este plan de reforzo incluírá os aspectos recollidos no **Anexo**
- En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna,

a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

9. Plan específico personalizado de recuperación para o alumnado da ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso

- Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
- Este plan de recuperación incluírá os aspectos recollidos no **Anexo**
- En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento

10. Programas de habilidades e competencias sociais

- Entendemos as competencias sociais coma o conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.
- Os programas de habilidades e competencias sociais dirixiránse a totalidade do alumnado e desenvolveránse de xeito transversal desde todas ás áreas e desde a titoría.
- A finalidade é a promoción e a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia.
- De xeito transversal desenvolveranse no alumnado actitudes, valores e comportamentos acordes co principio de igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, discapacidade, idade, doenza, relixión ou crenzas, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero.

- Para aquel alumnado que fora obxecto de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia ou alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, o Departamento de orientación desenvolverá un programa de habilidades sociais específico para mellorar a súa integración no centro docente.

5.2 Medidas extraordinarias de atención á diversidade do centro

As medidas extraordinarias de atención á diversidade son aquelas dirixidas á dar resposta ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

1. Adaptacións Curriculares

As adaptacións do currículo, **son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo e poden supoñer a modificación, ampliación, redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.** Son medidas que **van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais** e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

As adaptacións curriculares suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel no que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Procedemento para a realización das adaptacións curriculares:

1º) Realización dunha **avaliación e informe psicopedagóxico** no que se considere como medida máis acaída para satisfacer as necesidades da alumna ou alumno. No informe psicopedagóxico constará o nivel de competencia curricular das áreas obxecto de adaptación que será achegado polo profesor da área ou materia coordinado polo titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.

2º) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á que deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirse a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A xefa ou o xefe do departamento de orientación redactarán e custodiarán a acta desta reunión.

3º) Reunión coa familia da alumna ou alumno na que se informa da conveniencia desta medida de atención á diversidade, se recaba a súa opinión quedando rexistrada por escrita unha acta da mesma. Unha vez realizada e autorizada a adaptación curricular, os pais,nais terán dereito a recibir unha copia da mesma.

4º) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte de acordo ao modelo recollido no **anexo** ou realizada directamente no PROENS.

5º) A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no **anexo** e xuntaráselle copia da acta da reunión na que se decidiu realizar a adaptación curricular.

6º) A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao Servizo Territorial de Inspección Educativa a través da aplicación <https://www.edu.xunta.gal/aneae/>

7º) Datas para elaboración de adaptacións curriculares. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente **farase antes da finalización do mes de novembro**, agás no

caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

8º) Unha vez autorizada, o expediente de adaptación curricular formará parte do expediente da alumna ou alumno.

Desenvolvemento, avaliación e duración das adaptacións curriculares

- O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se estimen necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.
- A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizarase por parte do profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular.
- As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que están matriculados o alumno ou a alumna.
- **Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirles a promoción ou titulación.**
- A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno.
- A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estean escolarizados o alumno ou a alumna.

2. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe

A intervención do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especial e prioritariamente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais e ao alumnado con necesidades de apoio educativo. O apoio do profesorado especialista en audición e linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe poderá realizarse dentro ou fóra da aula ordinaria.

- **Dentro da aula:** con carácter xeral priorizarase a atención dentro da aula ordinaria, na que o PT colaborará co profesor/a e presntándolle ao alumno/a a axuda que precise.
- **Fóra da aula** ordinaria a atención terá un carácter excepcional e deberá estar xustificada no informe do departamento de orientación tendo en conta aspectos coma os seguintes:
 - Cando o/a alumno/a necesite co alumnado un traballo individual moi específico e/ou sexa máis rendible ou operativo traballar fóra da aula.
 - A atención fóra da aula poderá desenvolver en pequeno grupo (máximo 5 alumnos/as simultáneos)
 - O profesorado de apoio deberá coordinarse co/a profesor/a de área co asesoramento do departamento de orientación se for preciso para establecer a metodoloxía e os contidos que haxa que reforzar.
 - O apoio fóra da aula por parte dos especialistas do Departamento de Orientación non poderá exceder a terceira parte da xornada escolar.
 - Para planificar os períodos de tempo que o alumno pasa fóra da súa aula ordinaria, teranse en conta as áreas que nese momento se están traballando na súa clase e as necesidades específicas de cada alumno/a, non ocupando as materias específicas.
- As intervencións do especialista en Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado realizaranse fóra da aula e preferentemente individualmente. As intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.
- Os horarios do apoio elaboraraos a xefatura de estudos tendo en conta as indicacións do departamento de orientación e do profesorado titor derivadas das necesidades concretas que presente o alumno e as posibilidades horarias dos especialistas do departamento de orientación.
- Informarase nunha reunión co xefe do departamento de orientación ás nais/pais do alumnado desta medida e solicitarase a súa conformidade ou disconformidade.
- **Programa de Intervención:** o PT/AL elaborará un **programa de intevención** que

incluirá:

- As competencias adquiridas e as necesidades educativas que presentan a alumna ou o alumno, que deben constar no informe psicopedagóxico.
 - O currículo de referencia da alumna ou do alumno. De tratarse de alumnado con adaptación curricular, deberá considerar o currículo adaptado.
 - O enfoque metodolóxico do profesorado de apoio en relación co que aplica o profesorado da área ou da materia na que o alumnado recibe o apoio.
 - A coordinación co profesorado titor e co profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.
 - O seguimento e a avaliación do programa, que incluirá indicadores de avaliación. A información obtida deses procesos daralla a coñecer o profesorado de apoio ao equipo docente, cando menos, nas sesións de avaliación.
- **Memoria:** ao rematar o curso o especialista en PT/AL elaborará unha memoria que será formará parte da memoria do D.O. na que constará:
- Cantidade de alumnado ao que apoiou ao longo do curso
 - Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das materias nas que realizou as intervencións de apoio.
 - Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.
 - Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.

3. Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro

- O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.
- O alumnado procedente do estranxeiro poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun grupo de adquisición das linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade. A participación nestas medidas realizarase, respectivamente, segundo se dispón nos artigos 68 e 69 da Orde do 8 de setembro de 2011.

- A escolarización do alumnado procedente do estranxeiro realizarase segundo o procedemento establecido na normativa que regula a admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos,
- No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial, que, de estimarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente. Esta medida só se aplicará nas etapas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, respectando que a alumna ou o alumno poidan rematar calquera desas etapas, dentro dos límites de idade establecidos.
- Todas as medidas educativas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro considerarán as súas necesidades e facilitarán a súa inclusión, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

e) Outras medidas de atención á diversidade

Para outras medidas de atención á diversidade extraordinarias de carácter organizativo que son moi improbables que sexan implementadas no noso centro dado o seu número de alumnado remitirémonos á lexislación vixente recollida na Orde do 8 de setembro de 2021 e son:

- **Flexibilización do período de escolarización (artigo 58)**
- **Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente (artigo 62)**
- **Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal (artigo 63)**
- **Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela (artigo 64)**
- **Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar (artigo 65)**
- **Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes (artigo 66)**
- **Atención educativa a mozas embarazadas (artigo 70)**

•

6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

- O profesorado dentro do marco da Acción Titorial, realizará un seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado que permita unha prevención e/ou detección de dificultades, realizando os axustes precisos na súa programación.
- No caso de que as dificultades do alumno ou alumna persistan, deberá solicitar a intervención do departamento de Orientación.
- O departamento de Orientación realizará unha avaliación das necesidades e capacidades do alumno ou alumna elaborando, se é o caso, un informe de avaliación psicopedagóxica.
- Antes de iniciar o proceso de exploración e /ou de avaliación Psicopedagóxica do/a alumno/a é necesario poñelo en coñecementos dos proxenitores ou titores legais, polo que o departamento de Orientación llelo comunicará e pedirá a súa conformidade.
- Así mesmo os proxenitores asinarán un comunicado, para ter constancia no centro de que teñen coñecemento das necesidades educativas do seu fillo/a e que están de acordo coas medidas de atención á diversidade deseñadas desde o centro para responder ás súas dificultades.
- Unha vez establecido que alumnos/as necesitarán apoios a xefatura de estudos xunto co/a profesor/a de PT e co/a orientador/a, establecerán o horario de atención ao/a alumno/a así como as distintas modalidades para o que se terán en conta os seguintes criterios prioritarios:
 - Atenderase preferentemente ao alumnado con AC.
 - As necesidades educativas especiais.
 - Atenderase ao alumnado que presenten maiores dificultades segundo o informe psicopedagóxico.

- Atenderanse primeiro os Reforzos Educativos que repitan curso que ós que non.
 - Priorizarase a atención temperá na E.I.
 - Priorizarase a atención de primeiro a sexto na E.P.
 - Priorizarase a atención de primeiro a cuarto na ESO.
- As intervencións que precisen da atención do profesorado especialistas en PT serán propostas polo departamento de Orientación, do que forman parte, en colaboración co titor do grupo ao que pertenza o alumno/a.
 - As actuacións dos devanditos especialistas levaranse a cabo con carácter xeral dentro da aula, xunto o resto do grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.
 - Na sesión de avaliación final de curso poderase facer a previsión alumnado con necesidades de apoio específico para o seguinte curso.

7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

Este Plan Xeral de Atención á Diversidade será concretado anualmente. Ao comezo de cada curso escolar, o departamento de Orientación elaborará a proposta do Plan anual de atención á diversidade que deberá formar parte da programación xeral anual.

O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan á programación xeral anual e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

7.1 Funcións do departamento de Orientación

a) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, o plan de orientación académica e profesional e o plan de acción tutorial, así como coordinar o profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

c) Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa, e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

d) Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.

e) Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

f) Facilitarlle ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersonal ou a transición á vida profesional.

g) Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

h) Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

i) Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais así como as ofertas do seu contorno que lle faciliten elixir responsablemente.

k) Asesorar a comisión de coordinación pedagóxica nos aspectos psicopedagóxicos de proxecto curricular.

l) Realizar a avaliación psicolóxica e pedagóxica necesaria previa á incorporación aos programas de iniciación profesional.

m) Participar na elaboración do consello orientador que, sobre o futuro académico e profesional do alumnado poida formularse ao remate da educación secundaria obrigatoria.

n) Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

7.2. Funcións do xefe/a do departamento de Orientación:

a) Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento.

b) Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.

c) Participar na elaboración do proxecto educativo e do proxecto curricular de etapa, representando ao departamento na comisión de coordinación pedagóxica.

d) Convocar e presidir as reunións do departamento conforme co procedemento que se estableza.

e) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.

f) Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.

g) Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento que se estableza.

h) Facilitar a colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.

i) Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.

k) Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevándolle á xefatura de estudos cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

l) Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

7.3.Funcións do profesorado especialista en PT / AL (se houber)

O profesorado especialista en pedagogía terapéutica exercerán a súa función en todas as etapas educativas que se imparten no centro e, ademais das funcións que lles competen como membros do departamento de orientación, desenvolverán as seguintes funcións:

O profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e o especialista en Audición e Linguaxe realizarán as seguintes funcións específicas:

a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

b) Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidade educativas especiais deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.

c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende en colaboración co profesorado da área co asesoramento do departamento de orientación..

d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente. No anexo V, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.

7.4. Funcións dos titores:

Os titores e titoras como primeiro nivel de concreción da orientación educativa convértense na principal figura para detección temperá de posibles necesidades entre o alumnado. Así, xunto co departamento de Orientación, traballarán de maneira coordinada na detección de necesidades específicas de apoio educativo, avaliación psicopedagóxica, decisión sobre a resposta educativa máis axeitada e avaliación.

Ademáis das funcións recollidas no regulamento orgánico e orde que a desenvolve e nas NOFC do centro no ámbito da atención á diversidade cumpren estas 3 funcións fulcrais:

a) Realizar unha avaliación inicial individualizada a principio de curso.

b) Participar no desenvolvemento do Plan de acción tutorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación da xefatura de estudos contando coa colaboración do departamento de Orientación.

c) Realizar un seguimento das medidas de atención á diversidade propostas para cada alumno/a coa colaboración do profesorado do seu grupo, especialistas de pedagogía terapéutica e linguaxe así como o orientador.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

8.1.Coordinación interna

Dadas as características do centro, escasa matrícula e pouco profesorado, os mecanismos de coordinación son doados e realizaranse a través das reunións periódicas dos diversos órganos de coordinación docente:

- Reunións de departamentos, orientación, reunións de ciclo en EP, ...
- Sesións de avaliación inicial, ordinaria e final.
- CCP.
- Cumprimento dos informes individualizados de final de curso e de etapa para cada alumno.
- Consellos orientadores.

8.2 Coordinación externa.

Non existen centros adscritos. E o IES de referencia, que sería o de Becerreá, na práctica non é tal, pois todo o alumnado que continua BAC faíno nalgún dos diversos centros de Lugo capital.

9.CANLES DE COLABORACIÓN COS PROXENITORES E PERSOAS TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

9.1 Colaboración e coordinación cos proxenitores e persoal titoras legais do alumnado.

O centro facilitará tempos e espazos para a participación das familias no centro, de todos xeitos existe a necesidade de repensar ou ensaiar novas fórmulas para que a súa implicación sexa maior pois na práctica nen sempre asisten todos as reunións grupais de inicio do curso para coñecer ao seu profesorado titor. Os que o fan por iniciativa propia que son poucos, case sempre acoden ao centro para solicitar reunións individuais.

Ademais das reunións de inicio de curso grupais coas familias poderán establecerse reunións de seguimento de alumnado concreto nas que poden participar, ademais do profesorado titor, docentes especialistas e o orientador.

9.2 Colaboración e coordinación con outros servizos externos

Desde o departamento de Orientación manteranse as coordinacións oportunas tanto con Servizos Sociais do concello de como cos Servizos Sanitarios así como a necesidade de manter unha comunicación fluída coa inspección con outros centros educativos da zona e co Equipo de Orientación Específico cando for necesario.

10.PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PAD

Nas reunións de departamentos e nas sesións de avaliación ordinarias e finais farase unha avaliación do funcionamento das medidas de atención á diversidade implementadas e das propostas de mellora para o vindeiro curso.

O equipo directivo é o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do PAD a través da súa concreción anual

A finais de curso elaborárase unha memoria onde quedarán reflectidas cando menos:

1. Modificacións introducidas ao longo do curso.
2. Información dos diferentes niveis educativos achegada pola xefatura de estudos de primaria e secundaria.
3. Información achegada polo profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica.
4. Información aportada polo orientador/a.

11. PROTOCOLOS E DOCUMENTOS PARA A SOLICITUDE, REXISTRO, IMPLEMENTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ver anexos



AUTORIZACIÓN AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D/D^a, con

D.N.I. como persoa proxenitora e/ou titor/a legal

D/D^a, con

D.N.I. como persoa proxenitora e/ou titor/a legal

Alumno/a:

Fun informado/a polo titor/a do meu fillo/a da necesidade de realizar unha avaliación psicopedagóxica, e entendendo as razóns que motivan dita necesidade,

AUTORIZO

NON AUTORIZO

que o Departamento de Orientación do CPI Plurilingüe de Navia de Suarna realice unha avaliación psicopedagóxica do meu fillo-a, co fin de determinar as medidas educativas mais axeitadas para a súa escolarización

Asdo.:

En Navia de Suarna, a de de 20



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

AUTORIZACIÓN EXENCIÓN SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

D^a..... , como nai, e
D..... , como pai do
alumno/a:

Manifestamos que fomos informados pola Xefatura do Departamento de Orientación do CPI Plurilingüe de Navia de Suarna da medida de Atención á Diversidade proposta para o meu fillo, consistente na EXENCIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS). E tendo entendido en que consiste dita medida, as causas que a motivan e as súas implicacións académicas,

ACEPTAMOS.

NON ACEPTAMOS.

En Navia de Suarna, a de de 20

Sinatura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

AUTORIZACIÓN PARA MEDIDA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Eu,....., com

DNI..... nai/pai/titor-a legal do alumno-a:

Manifesto que fun informado pola Xefatura do Departamento de Orientación do CPI
Plurilingüe de Navia de Suarna sobre a medida de atención á diversidade proposta:

.....

E tendo entendido en que consiste dita medida,

Acepto

Non acepto

En Navia de Suarna, a de de 20

Sinatura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

SOLICITUDE COPIA INFORME PSICOPEDAGÓXICO

Eu,....., pai/nai ou titor/a legal
do/a alumno/a:

Solicito que me sexa entregada unha copia do Informe Psicopedagógico realizado ao meu fillo/a, e entendo que se trata de documentación confidencial que contén datos persoais relativos ó/á menor, polo que me comprometo como titor/a legal do mesmo a gardar a confidencialidade de dito informe e a custodialo coa debida dilixencia.

En Navia de Suarna, a de de 20

Sinatura



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

Estimado/a pai/nai ou titor/a legal:

Tal e como nos solicitou por escrito con data , facémoslle entrega dunha copia do Informe Psicopedagóxico realizado ao seu fillo/a:

Recordámoslle que a información contida no mesmo é reservada e polo tanto dende o momento en que se lle fai entrega do informe é responsabilidade de vostede velar pola confidencialidade dos datos do seu fillo/a menor de idade.

Recibín,

(Nome e apelidos, DNI e data)



INFORME INDIVIDUAL SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO E /OU R.E.

Tipo Medida: Apoio PT | Apoio Orientador | R.E. profesor/a área ou profesor/a dispoñibilidade

Período: 1º avaliación | 2º avaliación | 3º avaliación | Informe final

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

APELIDOS:

NOME:

DATA DE NACEMENTO: CURSO:

1. ÁREAS OU MATERIAS:

2. DATOS DO PROFESORADO DA ÁREA OU MATERIA E/OU DO ESPECIALISTA PT/AL/ORIENTADOR QUE REALIZAN O APOIO:

3. DATOS DO APOIO:

Tipo de medida de apoio ou reforzo			
Apoio e/ou reforzo profesorado área	Cumprimentar táboa de concreción de estratexias de reforzo		
Reforzo profesorado dispoñibilidade horaria			
	Sesións dentro da aula	Sesións fóra da aula	Outras
Atención PT			
Atención AL			
Atención Orientador/a			

APLICACIÓN MEDIDAS PROTOCOLOS

TDAH		TEA	
SOBREDOTACIÓN		DISLEXIA	

4- CONCRECIÓN DE ESTRATEXIAS UTILIZADAS NA MEDIDA DE REFORZO EDUCATIVO POR PROFESADO DE ÁREA OU CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

MATERIA			
PROFESOR/A			
ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS QUE SE UTILIZARON NO SEU DESENVOLVEMENTO			
Cambios na secuencia de contidos		Distinta temporalización para acadar os obxectivos	
UBICACIÓN			
Sitio preferente		Asignación de compañeiro/a titor/a	
Reforzo educativo aplicado en:			
ACTIVIDADES			
Uso de organizadores visuais		Adaptación ou simplificación das actividades propostas ao grupo-clase	
Respostas orais en lugar de escritas		Eliminación de actividades repetitivas	
Dividir tarefas en partes		Fichas complementarias	
Supervisión da axenda			
Outras:			
EXPLICACIÓNS			
Explicacións individualizadas		Modelo/demostración manipulable	
Anticipar materiais escritos coas explicacións		Limitar o nº de conceptos novos cada vez	
Comprobar a comprensión		Aprendizaxe multisensorial	
Repetición/aclaración das instrucións		Outras	
Outras:			
TEMPOS			
Dar máis tempo nas respostas		Flexibilizar a entrega de traballos	
Dar máis tempo para as actividades		Outras:	
INTRUMENTOS DE AVALIACIÓN			
Aumentar o tempo		Cambio valoración traballo da clase	
Permitir o uso de material		Probas tipo test ou/e de resposta curta	
Probas orais		Facer traballos complementarios	
Aclarar termos		Ofrecer palabras destacadas	
Cambios penalizacións erros ortográficos ou gramaticais		Modificar formato: entreliñado/tipo tamaño letra	
Reducir as probas		Permitir resposta esquemática	
Menos preguntas repetitivas		Menos preguntas por folla	
Ofrecer exemplos nas probas		Separar cuestións en apartados diferentes	
Outras:			

5- DESCRICIÓN DAS MEDIDAS DESENVOLVIDAS POR PROFESORADO ESPECIALISTA PT , AL , ORIENTACIÓN:

a) Principal necesidade dificultade do alumno/a?

b) En que consistían as medidas de apoio?

c) Tipo de tarefas realizadas:

d) Principais materiais usados:

e) Outras consideracións sobre as necesidades e o apoio ao alumno/a:

6- VALORACIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO E/OU REFORZO E PROPOSTAS MELLORA

	Acadáronse os obxectivos previstos nelas		Non se acadaron os obxectivos
	Os obxectivos previstos acadáronse minimamente		Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario)

....., de de 20

Asdo:

A/O PT

A/O orientador

A/O titor

A/O profesor/a de área

A/o profesorado de reforzo con dispoñibilidade horaria



PLAN ESPECÍFICO ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS

1.DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO ALUMNO					
NOME E APELIDOS				DATA NACEMENTO	
NIVEL		ETAPA		CURSO ESCOLAR	

2. NECESIDADES EDUCATIVAS QUE MOTIVARON A REPETICIÓN DE CURSO.					
Dificultades nas lectoescritura				Dificultades para manter a atención	
Dificultades na comprensión- expresión oral-escrita				Dificultades a nivel persoal/familiar	
Dificultades na memoria				Falta de hábitos de estudo	
Dificultades no cálculo				Desorganización	
Dificultades no razoamento				Desfase curricular	
Incorporación tardía				Materias pendentes	
Outras:					

3. MEDIDAS ORDINARIAS APLICADAS NO CURSO ANTERIOR					
Reforzo educativo				Plan de reforzo materias sen superar	
Adaptación de tempos/instrumentos/ procedementos de avaliación				Apoio profesorado dispoñibilidade horaria	
Descrición das medidas:					

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS QUE SE UTILIZARÁN NO SEU DESENVOLVEMENTO					
Cambios na secuencia de contidos				Distinta temporalización para acadar os obxectivos	
REFORZO EDUCATIVO APLICADO EN:					
ACTIVIDADES				TEMPOS	
EXPLICACIÓNS				INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
UBICACIÓN					
MEDIDAS ORGANIZATIVAS					
Reforzo educativo polo profesorado de área				Outras:	
Reforzo por profesorado con dispoñibilidade horaria					

5. RECURSOS NECESARIOS	
MATERIAI	

S	
PERSOAIS	

6. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS (de ser o caso)			
Adaptación Curricular		Áreas Adaptadas:	
Apoio PT /AL / ORIENTADOR		Dentro da Aula	
		Fóra da Aula	
		Dentro e fóra	

7. SEGUIMIENTO				
1ª AVALIACIÓN				
VALORACIÓN DAS MEDIDAS	POSITIVA	NEGATIVA	NON PROCEDE	
Organizativas				
Curriculares				
Recursos materiais				
Colaboración da familia				
ASPECTOS A MELLORAR:				
PROPOSTAS:				
OBSERVACIÓNS:				

2ª AVALIACIÓN				
VALORACIÓN DAS MEDIDAS	POSITIVA	NEGATIVA	NON PROCEDE	
Organizativas				
Curriculares				
Recursos materiais				
Colaboración da familia				
ASPECTOS A MELLORAR:				
PROPOSTAS:				
OBSERVACIÓNS:				

3ª AVALIACIÓN				
VALORACIÓN DAS MEDIDAS	POSITIVA	NEGATIVA	NON PROCEDE	
Organizativas				
Curriculares				
Recursos materiais				
Colaboración da familia				
ASPECTOS A MELLORAR:				
PROPOSTAS:				

OBSERVACIÓNS:

FINAL				
VALORACIÓN DAS MEDIDAS	POSITIVA	NEGATIVA	NON PROCEDE	
Organizativas				
Curriculares				
Recursos materiais				
Colaboración da familia				
ASPECTOS A MELLORAR:				
PROPOSTAS:				
OBSERVACIÓNS:				

APROVEITAMENTO DAS MEDIDAS DO PLAN	
	Acadáronse os obxectivos previstos nelas
	Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario)
	Os obxectivos previstos acadáronse minimamente

OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

PROFESIONAIS PARTICIPANTES NO DESENVOLVEMENTO DESTE PLAN			
NOME E APELIDOS	MATERIA	RE* *	SINATURA

CONCRECIÓN DE ESTRATEXIAS UTILIZADAS

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS QUE SE UTILIZARÁN NO SEU DESENVOLVEMENTO			
Cambios na secuencia de contidos		Distinta temporalización para acadar os	

		obxectivos	
UBICACIÓN			
Sitio preferente		Asignación de compañeiro/a titor/a	
Reforzo educativo aplicado en:			
ACTIVIDADES			
Uso de organizadores visuais		Adaptación ou simplificación das actividades propostas ao grupo-clase	
Respostas orais en lugar de escritas		Eliminación de actividades repetitivas	
Dividir tarefas en partes		Fichas complementarias	
Supervisión da axenda			
Outras:			
EXPLICACIÓNS			
Explicacións individualizadas		Modelo/demostración manipulable	
Anticipar materiais escritos coas explicacións		Limitar o nº de conceptos novos cada vez	
Comprobar a comprensión		Aprendizaxe multisensorial	
Repetición/aclaración das instrucións			
Outras:			
TEMPOS			
Dar máis tempo nas respostas		Flexibilizar a entrega de traballos	
Dar máis tempo para as actividades		Outras:	
INTRUMENTOS DE AVALIACIÓN			
Aumentar o tempo		Cambio valoración traballo da clase	
Permitir o uso de material		Probas tipo test ou/e de resposta curta	
Probas orais		Facer traballos complementarios	
Aclarar termos		Ofrecer palabras destacadas	
Cambios penalizacións erros ortográficos ou gramaticais		Modificar formato: entreliñado/tipo tamaño letra	
Reducir as probas		Permitir resposta esquemática	
Menos preguntas repetitivas		Menos preguntas por folla	
Ofrecer exemplos nas probas		Separar cuestión en apartados diferentes	
Outras:			
MEDIDAS ORGANIZATIVAS			
Reforzo educativo polo profesorado de área		Outras:	
Reforzo por profesorado con dispoñibilidade horaria			

....., de de 20

Asdo